



MANUAL DE ACOLLIDA

para socios e deportistas

2. O WÁTER-POLO



O wáter-polo é un deporte que se practica nunha piscina, no que se enfrontan dous equipos co obxectivo de marcar o maior número de goles na portería do equipo contrario durante o tempo que dura o partido.

Este deporte foi creado, en 1877, polo instrutor de natación e periodista William Wilson e foi recoñecido pola Asociación Náutica de Reino Unido en 1885.

Os equipos fórmanse con seis xogadores de campo, un porteiro na auga e un máximo de seis xogadores suplentes no banco.

Os equipos diferéncianse polo gorro de diferente cor.

O partido divídese en catro períodos de oito minutos de xogo efectivo. Existen faltas, expulsións temporais e expulsións definitivas. Nas categorías inferiores poden variar os períodos e os minutos de xogo en cada un.

2. O CLUB



O Club Waterpolo Santiago foi creado en xaneiro de 2004 e conta cun importante palmarés deportivo.

Misión Ofrecer a posibilidade de realizar unha práctica deportiva e saudable a través do wáter-polo.





2. O CLUB

Valores

TRABALLO EN EQUIPO. O colectivo está por riba das individualidades en todas as decisións.

INTEGRACIÓN. O club é unha entidade aberta a todo tipo de persoas sen distinción de ningún tipo.

RESPECTO E RESPONSABILIDADE. Todos os seus integrantes deben mostrar respecto cara a todas as demais persoas que participan no deporte, na competición, e na actividade en xeral (árbitros, equipos, compañeiros, adestradores, xogadores, público etc.).

FORMACIÓN. O paso pola nosa entidade debe contribuir á formación persoal dos deportistas e demais persoas relacionadas con nós; xerando actitudes positivas que teñan aplicación fóra do deporte, como o compromiso cun fin colectivo e esforzo para a súa consecución, a superación individual das limitacións, o compañeirismo e a colaboración, a reeducación do tempo de lecer, unha cultura de actividade física e a crenza nas propias posibilidades sen ningún tipo de complexo.

DEPORTE BASE. O club ten como referencia o traballo co deporte de base; formando deportistas dende os seus inicios, e dándolles a oportunidade de completar a súa vida deportiva no club nun entorno agradable.

MEDIO. A nosa actividade será un medio na vida dos nosos deportistas e non un fin en si mesmo.



3. CATEGORÍAS



Un ou unha deportista
pode participar en todas
as competicións da súa
categoría e nas das
categorías superiores.



Benxamín
8 e 9 anos



Alevín
10 e 11 anos



Infantil
12 e 13 anos



Cadete
14 e 15 anos



Xuvenil
16 e 17 anos



**Absoluto
feminino**
18 e mais
anos



**Absoluto
masculino**
18 e mais
anos



Máster
30 e mais
anos



3. O CLUB

Palmarés



Desde o ano 2004, o club gañou un total de 59 competicións oficiais en todas as categorías.

	Liga galega	Copa galega	Supercopa galega
Absoluta Feminina División Honor	3	1	3
Absoluta Masculina División Honor	8	2	9

A categoría absoluta, tanto feminina como masculina destaca polos seus éxitos.



3. O CLUB

Palmarés

Categorías inferiores




	Liga galega	Campeonato galego
Absoluta 2ª División Masculina	2	
Xuvenil	1	2
Cadete	1	
Infantil	1	3
Alevín	3	4
Benxamín	8	9



3. O CLUB

Licenzas

● Evolución licenzas federativas do Club





4. ADESTRAMENTOS

O wáter-polo é un deporte no que os e as deportistas deben dominar os movementos típicos da natación e tamén os movementos típicos do waterpolo que requiren desprazamentos no eixo vertical, o dominio do balón, a defensa fronte ao rival atacante e as tácticas de xogo en equipo.

Todos estes aspectos deben practicarse nos adestramentos, o cal fai que deban ter unha duración superior á doutros deportes, cando se desexa alcanzar unha cota mínima de competitividade.

O club non dispón de instalacións propias polo que o Concello de Santiago lle cede espazos nas instalacións públicas (piscinas de Sar e Santa Isabel), para os adestramentos e os partidos.

Horarios adestramentos (8/09/25 - 28/02/26)

Piscina de Sar

Horarios adestramento fin de semana 20/09/25 - 01/03/26 Piscina de Sar

Martes

19h-20h

Infantil
Alevín
Benxamín
Prebenxamín

Mércores

17:15 h
18-15h

Infantil
Alevín
Benxamín
Prebenxamín

Xoves

19h-20 h

Infantil
Alevín
Benxamín
Prebenxamín

Venres

19h-20:30 h

Infantil
Alevín
Benxamín
Prebenxamín

Sábado

12h-13:45 h

Alevín
Benxamín
Prebenxamín

15h-16:30 h

Infantil
Cadete

Os adestramentos do domingo
comezan no mes de Outubro.

Domingo

9-11h

Benjamín
Alevín
Infantil

Piscina de Sar

Luns

21:15h
23h

Fem/Masc
*Absoluta
*Xuvenil
*Cadete
*Máster

Martes

21:30h
23h

Fem/Masc
*Absoluta
*Xuvenil
*Cadete

Mércores

21:30h
23h

Masc
*Absoluta
*Xuvenil
*Cadete
*Master

Xoves

21:30h
23h

*Abs/Masc
*Abs/Fem
*Juvenil

Venres

21:30h
23h

*Abs/Fem
*Cadete
*Infantil

Os martes e os xoves,os
Absolutos Masculinos
(natación)



É importante respectar ao máximo os
horarios para o bo funcionamento.

Os horarios poden variar dependendo do
volume de deportistas.

6. DIRECCIÓN TÉCNICA

Na actualidade a dirección técnica do clube é desempeñada por Javier Pérez Carpio, adestrador das categorías superiores e inferiores.



A adestradora das categorías alevín e benxamín é Cecilia Cobas Seoane



7. COMPETICIÓNS



O Club Waterpolo Santiago participa das competicións organizadas pola Federación Galega de Natación e, a través desta, das organizadas pola Real Federación Española de Natación.

Todas as competicións nas que o club participa, coa posible excepción dalgún partido amistoso ou encontros especiais, son oficiais e, por tanto requírese que os e as deportistas e técnicos teñan a correspondente licenza federativa, que ampara legalmente a práctica do deporte.

As competicións galegas de wáter-polo divídense en unha ou dúas divisións masculinas, unha feminina e outra mixta por cada unha das categorías inferiores nas que se agrupan os deportistas de menor idade.

8. PARTIDOS

Os partidos dispútanse nas datas e horas e nas piscinas previamente anunciadas.

O acceso ao partido é sempre público e, normalmente, non se esixe abono de entrada.

No sitio web do clube e no da FEGAN pódese obter información sobre a ubicación das piscinas mais frecuentemente empregadas para disputar os partidos oficiais.





9. CONVOCATORIAS



Para cada un dos partidos nos que debe participar o club, o adestrador ou a adestradora, en cada caso, convoca, de entre os e as deportistas que teñen dispoñibles, a aqueles que consideran mais adecuados para cada partido. A selección faise por criterios estritamente deportivos, considerando a competitividade de cada deportista e o seu esforzo e evolución nos adestramentos e partidos previamente disputados.

A selección de deportistas para cada partido anúnciase, na semana mesma á data que se celebrará, a través das vías de comunicación cos deportistas e as familias que teña establecidos o club en cada momento.

Se despois do anuncio da convocatoria xurdiran circunstancias imprevistas, os adestradores e a dirección técnica poderán completala chamando a deportistas inicialmente non convocados.

10. DESPRAZAMENTOS



Cando os partidos celébranse en localidades distintas a Santiago de Compostela, nalgúns casos os desprazamentos realizaranse en vehículos particulares e, noutros, o club organiza os desprazamentos, sempre respectando que cada deportista poida desprazarse pola súa conta.

O custo do desprazamento será compartido entre o club e os deportistas. En cada caso, comunicaráselles o importe a abonar.

Para viaxar co club, todos e todas as deportistas menores de idade deben entregar a preceptiva autorización dos seus proxenitores ou titores.

En cada desprazamento, o club farase cargo dos e das deportistas en viaxe de ida e volta. No caso de que os proxenitores ou titores desexen recoller a algún deportista na propia cidade de destino, deberán asinar a súa conformidade coa correcta execución da viaxe con carácter previo á recollida. As horas de saída e chegada serán anunciadas polo club mediante os canles habituais de comunicación.

Nos desprazamentos organizados polo club é sempre benvida a presenza de socios, familias e afeccionados. A asignación das prazas libres farase por orde de chegada.



11. MATERIAL DEPORTIVO

Adestramento

Para os adestramentos é necesario: bañador, chanclas, gorro, gafas, toalla e útiles de aseo

Bañadores de competición

Os bañadores oficiais do club se poden adquirir contactando cos adestradores.

O equipamento oficial é recomendable pero non obrigatorio.

Se encuentra disponible en:

Atmósfera Sport

Av. da Maha, 83 baixo
15220 Bertamirans (Ames)

881 977 668

amesport@amesport.es

EQUIPAMENTO OFICIAL CWS



EQUIPAMENTO DE PASEO



CHAQUETA DE CHANDAL
41,00 €



PANTALÓN DE CHANDAL
23,00 €



POLO DE ALGODÓN DE PASEO
29,00 €



CAMISETA ALGODÓN
15,00 €



CAZADORA DE ABRIGO
33,00 €



BERMUDA DE PASEO
20,50 €

EQUIPAMENTO TÉCNICO



POLO TÉCNICO DE PASEO
26,50 €



CAMISETA TÉCNICA
12,00 €



MOCHILA MEDIANA C/ZAPATILLEIRO
24,00 €



MOCHILA PEQUENA C/ZAPATILLEIRO
23,50 €



AMESPORT 2011, S.L.U.
Atmósfera Sport

Avda. da Maha nº 83 baixo
15.220 Bertamirans (Ames)
881.977.668
amesport@amesport.es

TODAS AS PRENDAS OU COMPLEMENTOS OFICIAIS DO CLUB DEBERÁN SER ENCARGADOS PREVIAMENTE NA TENDA DE DEPORTES AMESPORT E RECOLLIDOS POSTERIORMENTE PREVIO AVISO DO PERSOAL DO ESTABLECIMENTO.

DESCONTOS ESPECIAIS PARA OS DEPORTISTAS DO CLUB EN MATERIAL ESPECÍFICO PARA NATACIÓN

12. TARIFAS

Cuota de socio anual

28 €

Cuotas deportistas: (Mensual, 12 mensualidades)

Categorías

Absoluta, xuvenil e cadete

35 €

Infantil, alevín e benxamín

33 €

Segundo irmán ou irmá

28 €

*** Xuvenils e absolutos 12 cuotas**

**** Resto de categorías 11 cuotas (sept-julio)**



Ademais das cuotas, os e as deportistas deben pagar anualmente a LICENZA FEDERATIVA, segundo as tarifas oficiais da Federación Galega de Natación.

12. ÚNETE A NÓS

Para ser deportista do clun é necesario ter máis de (6) anos e saber nadar.

Ademais, debes proporcionarnos o DNI escaneado (por correo electrónico) e a seguinte documentación debidamente cuberta:

- 1.Solicitud de inscripción como deportista. Se é menor de idade, o titor ou a titora debe facelo no seu nome.
- 2.Solicitud de ingreso como socio. Se é menor de idade, o titor ou a titora debe facelo.
- 3.Autorización de publicación de imaxes para poder publicar fotos ou vídeos xogando ao waterpolo co equipo. Se é menor de idade, o titor ou a titora debe asinar un documento diferente.
- 4.Para xogar e ter seguro, debes estar afiliado á Federación cubrindo a solicitud de licencia como deportista da FEGAN.
- 5.Os menores, para saír a xogar fóra de Santiago, deben ter a autorización dos seus titores coa autorización de viaxe.

Para darse de baixa, é necesario notificalo por escrito. Un correo electrónico ao club sería suficiente. As cancelacións deben informarse dentro dos primeiros cinco (5) días do mes. Despois dese día cobrase o devandito pago mensual.



[Inscripción deportista](#)

[Inscripción socio](#)

[Autorización publicación
imaxes](#)

[Autorización publicación
imaxes \(menores de idade\)](#)

[Solicitud licencia FEGAN](#)

[Autorización viaxe](#)

13. SOCIOS E SOCIAS

Cando un ou unha xogadora entra a formar parte do club, a familia faise socia de xeito automático.

Tamén podes ser socio ou socia, aínda que non xogues.

Anímate a formar parte do club!

A cuota de socio é de 28 euros ao ano.



Faite socio

14. XUNTA DIRECTIVA

CLUB WATERPOLO SANTIAGO



Presidente

Luis Ferrer Lojo

Secretario

Antonio Caamaño Monteagudo

Tesoureira

Marina Romero García-Ciudad

Vogais


Martina Calero Oreiro

José Antonio Sánchez San José

Silvia Suárez Luque



15. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

CLUB WATERPOLO SANTIAGO



O club ten una páxina web onde publica a información relevante:

<https://cwsantiago.com/>



Ademais, está presente en Instagram
Facebook e a rede social chamada X

16. CONTACTO



O club ten o seu enderezo social en:
Complejo Deportivo Santa Isabel Rúa Tras Santa Isabel, s/n
15705 Santiago de Compostela – A Coruña

Pódese contactar co club no correo electrónico: cwsantiago@gmail.com
e nos teléfonos: 691 666 819 - 698 183 657

O club mantén unha política de solicitar os datos de carácter persoal estritamente necesarios para a correcta identificación do remitente e que permitan levar a cabo as tarefas básicas da xestión interna. O club insiste no seu compromiso de uso responsable e confidencial dos datos, garantindo que estes datos trataráanse de acordo coas esixencias legais, e que tan só serán utilizados co propósito indicado. Os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición pódense realizar mediante escrito dirixido ao domicilio social do clube ou mediante algún dos outros métodos previstos na lexislación vixente.

